

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025566	IES Ferrol Vello	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A materia de Relixión Católica na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspiradas na antropoloxía cristiá, enriquecése o proceso formativo do alumnado, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propias da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social, e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior.

Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo da educación básica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos cruce da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do «Reino de Deus», para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Es o que soñas	Tomar conciencia da importancia dos soños, e identificar os propios, para a construción da propia identidade e a mellora da propia.	17	7	X		
2	Revisando as miñas "Deus-trías"	Un valor do Reino predicado por Xesús foi facer «visibles» os «invisibles». Somos responsables de coñecer a diversidade e de non permitir que ninguén quede excluído.	17	6	X		
3	Enredados!	O ser humano é relacional por natureza. Hoxe, e en tempos de Xesús, as relacións e alianzas conforman cada individuo, cada grupo e a sociedade enteira coas súas fortalezas e debilidades.	17	6		X	
4	Sempre hai algo que celebrar!	A celebración das festas, moitas das cales teñen orixe relixiosa, ten como raíz a alegría de estar vivos. As celebracións son importantes cultural, relixiosa e vitalmente.	16	5		X	
5	Unha comunidade de amigos	A soidade é un problema perentorio da nosa sociedade, e os grupos humanos ou comunidades son parte da solución. A Igrexa é a comunidade dos seguidores de Xesús, na que achegan os seus dons e	17	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Unha comunidade de amigos	gozan dos dos outros.	17	6			X
6	O meu planeta, a casa de todos	Non hai «planeta B». O coidado da Terra é tarefa vital da humanidade e deber cara ás xeracións futuras. Os cristiáns saben que Deus creou bos tanto ao planeta como aos seres humanos, e o seu compromiso coa ecoloxía debe ser firme.	16	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Es o que soñas	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Coñece e valora os principais acontecementos e personaxes da historia de Israel.	PE	20
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Identificar as ilusións, as motivacións e os soños, seus e doutras persoas, a partir de personaxes e de relatos bíblicos relacionados coa misión e a vocación	TI	80
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Desenvolver á súa capacidade de compasión e empatía, inspirándose noutras persoas.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Recoñecer as necesidades sociais e as inxustizas que existen no mundo á luz de experiencias de personaxes bíblicos e referentes de actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

UD	Título da UD	Duración
2	Revisando as miñas "Deus-trás"	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Recoñecer a Xesús como figura principal do cristianismo, valorando o seu exemplo e as súas ensinanzas.	PE	20
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Recoñecer nos "invisibles" a dignidade que teñen por ser creados a imaxe e semellanza de Deus.	TI	80
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Potenciar a mellora da convivencia en distintos ámbitos da súa vida, así como a capacidade de axuda mutua.		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Desenvolver a capacidade de xenerosidade, compaixón e empatía, inspirándose noutras persoas.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Manifestar actitudes de solidariedade e de xustiza social cara aos invisibles da nosa sociedade.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Recoñecer os colectivos vulnerables e as inxustizas que existen no mundo e reflexionar á luz da actuación de Xesús, dos primeiros cristiáns e de referentes de actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

UD	Título da UD	Duración
3	Enredados!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Coñecer os nomes dos apóstolos e cal era a súa misión.	PE	20
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	afondar na mensaxe de Xesús e na súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época así como na súa opción preferente polas persoas máis fráxiles.	TI	80
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Establecer un maior coñecemento e unha mellor relación consigo mesmo, coa contorna que o rodea e con Deus.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Desenvolver unha capacidade crítica e de análise das relacións que se establecen na propia contorna e saber contrastalas cos valores de Xesús ante a diversidade persoal, social e cultural		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Establecer unha análise constructiva sobre as realidades próximas identificando situacións de inxustiza, pobreza e exclusión e recoñecendo as necesidades sociais e as súas causas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá.

UD	Título da UD	Duración
4	Sempre hai algo que celebrar!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Coñecer os sacramentos, e comprender e valorar os símbolos e celebracións da liturxia cristiá e doutras relixións como unha experiencia individual e social, favorecendo o diálogo e o respecto entre elas.	PE	20
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Relaciona o sentimento de pertenza co vínculo que establecemos cun grupo de persoas e a influencia na identidade persoal.	TI	80
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Apreciar como o cristianismo se manifesta de direrentes maneiras, para desenvolver sentido de pertenza e axudar a ter unha boa convivencia.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Interpretar e admirar o noso patrimonio cultural e as súas expresións, recoñecendo que nos axudan a comprender mellor quen somos.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Valora a importancia que ten a celebración da liturxia para os cristiáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

UD	Título da UD	Duración
5	Unha comunidade de amigos	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Coñecer as características das primeiras comunidades cristianas e identificar a Xesucristo como o núcleo esencial da súa fe.	PE	20
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Manter relacións cos seus iguais, comunicar ideas, prestar axuda e aceptar opinións alleas.	TI	80
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión human e social, coñecendo a especificidade da espiritualidade cristiá.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Xerar relacións respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e da común pertenza á Igrexa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
6	O meu planeta, a casa de todos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Coñecer o relato da creación que aparece no Xénese, e sinalar as diferenzas ente a explicación teolóxica e científica da creación.	PE	20
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Tomar conciencia da responsabilidade compartida no coidado da casa común de todos e cada un dos seres humano, e da común pertenza a ela.	TI	80
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Xerar relacións sociais de solidariedade respectando a diversidade do noso planeta.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Implicarse persoalmente na transformación social e no logro do ben común, en liña co que Deus quere para o noso planeta e para a humanidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.

Contidos

- Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.
- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias.
- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá.
- Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.
- Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos, desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativa.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, xeográficos, históricos, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ao alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa, por un lado dinámicas de cohesión de grupo; e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...).

Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno ou carpeta persoal no que se irán elaborando as diferentes actividades.
Ordenador individual e materiais da plataforma Edixgal.
Libros e pizarra dixital.
Libros de texto do departamento, e material bibliográfico diverso: biblias, mapas, murais.
Fichas e carpetas de recursos individualizados do departamento.
Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano, etc.)
Revistas, diarios, información en soportes variados da Biblioteca do centro.
Diversos recursos lúdicos e de contido relixioso tanto en papel como na Rede.
Xogos e dinámicas grupais.
Videos relacionados cos temas vistos.

O libro de texto segue un proxecto global pensado para que todo o alumnado aprenda, desenvolva as súas competencias e transfira ás aprendizaxes á súa vida. Conta cunha contorna virtual de aprendizaxe que facilita a relación entre o alumnado e o profesor e favorece un modo de aprendizaxe máis eficaz.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumnado, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario, test ou xogo relixioso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	16	17	16	100
Proba escrita	20	20	20	20	20	20	20
Táboa de indicadores	80	80	80	80	80	80	80

Criterios de cualificación:

Dentro dos criterios de avaliación a asistencia a clase será obrigatoria para poder superar a materia (sempre que non haxa unha causa xustificada).

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificados cunha nota numérica de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

Criterios de cualificación:

20% corresponderá a unha proba escrita (cuestionario de verdadeiro ou falso, encher espazos en branco, aparellar, selección multiple) sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

O restante 80% repartirase do seguinte xeito:

10% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumno e será medido a través de rúbricas.

10% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia.

60% corresponderá ao caderno de clase que deberá estar completo e correxido.

A nota final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, tendo que ser esta de 5.

Se a suma das tres avaliacións é negativa, o alumno/a poderá recuperar a materia mediante a realización de actividades ou traballos sobre os contidos da programación que non estean superados, en datas anteriores á sesión da terceira avaliación.

En caso de identificación dun alumno ou alumna utilizando calquera método fraudulento, tanto nas probas escritas como nas tarefas realizadas, este cualificarase de 0. Este fiato será sancionado como conducta contraria á convivencia e rexistarase en XADE.

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación dos alumnos é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumno se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que a media das tres avaliacións non acadase a nota de 5, programarase traballo de recuperación encamiñado a que o alumno supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que á súa vez fará media para a nota da avaliación ordinaria.

Estas actividades de recuperación serán levadas a cabo en datas anteriores á sesión da terceira avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No 1º curso da ESO non se da esta circunstancia.

6. Medidas de atención á diversidade

Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar no posible o proceso de ensino aprendizaxe. Para iso adóptanse as seguintes medidas:

*Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación.

*Propoñer variedade de actividades para un mesmo contido. Utilizar metodoloxías diversas.

*Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.

*Favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción.

O departamento de relixión tamén podería programar, en caso necesario, medidas de enriquecemento curricular para atender ao alumnado de altas capacidades, por medio de traballos en proxectos individuais que lles permitan aos alumnos alcanzar os obxectivos e ampliar os contidos, empregando os recursos que mellor se adapten a cada alumno.

Para atender a diversidade de intereses, estilos cognitivos e ritmos de aprendizaxe propóñense en cada trimestre actividades de ampliación e reforzo.

1) Medidas ampliación:

*Preparar actividades con diferentes niveis de dificultade dos contidos.

*Traballar a motivación polo esforzo e a superación, buscando os seus propios interrogantes e intereses.

*Actividades que desenvolvan as habilidades de ensinar a pensar, de como aprender, para usar fontes e materiais diversos e habilidades de comunicación.

*Responsabilizar a este alumnado dunha dinámica de traballo na cal colaboren cos compañeiros/as.

2) Medidas de reforzo:

*Elixir vías de traballo que ao alumno/a lle resulten motivadoras e deseñar actividades axeitadas aos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.

*A través de diferentes dossiers/talleres, etc.

Non caso de contar con algún alumno con NEAE, seguiranse as directrices do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Edudación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como unha materia nos proxectos de interdisciplinidade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación con outras disciplinas especialmente Lingua, Xeografía e Historia, Educación Plástica e Visual, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saida cultural	Visita as igrexas da zona	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser festas do calendario litúrxico católico (Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), Día Internacional da Paz.	X	X	X

Observacións:

Visita as igrexas da zona para que o alumnado coñeza e valore o patrimonio cultural e relixoso que o rodea.
 Realización de actividades extraescolares conxuntas con outros Departamentos para a realización de viaxes ou actividades de interese para a área.
 Convivencias, encontros, xornadas para o intercambio de experiencias e reflexións, na zona de Ferrol.
 Realizaremos calquera actividade que se programe por parte doutros centros ou institucións educativas que nos parezan relevantes para a formación do noso alumnado e estén conectadas ao currículo da área.
 O alumnado de primeiro poderá colocar e decorar o árbore de Nadal e pintará un colgante ou caixa para levar como agasallo para a casa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Regulación da práctica docente
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía adecuada
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Preparación das sesións e os materiais didácticos
Medidas de atención á diversidade
Medidas para a atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Avaliación das aprendizaxes e información do proceso ao alumnado e familias

Descrición:

Para avaliar o proceso do ensino empregaranse os indicadores de logro que aparecen arriba. Este indicadores nos informaran de:

* Se existe coherencia entre o programado e o desenvolvemento do curso, se a distribución temporal e equilibrada e

se adecua ás características do grupo.

* Se a metodoloxía empregada se axusta ao grupo de alumnos, se é axeitada ao desenvolvemento das súas capacidades, e se foi considerada a interdisciplinabilidade (en actividades e tratamento dos contidos.)

*Da validez dos recursos empregados na aula.

*Se os criterios para unha avaliación positiva atópanse adecuadamente vinculados aos contidos , se as actividades planificadas serven para acadar os obxectivos programados, e se os criterios de avaliación e de cualificación déronse a coñecer tanto aos alumnos como as familias.

*Se se adoptaron medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, se as medidas e recursos ofrecidos foron suficientes e se se aplicaron medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo ós informes do D.O.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A revisión da programación está susexita ao proceso de avaliación , no caso de non acadar os obxectivos previstos procederase a facer axustes no tempo e na secuenciación das unidades para atender ás necesidades do grupo.

Así mesmo o rematalo curso faise un informe de elementos que deben ser revisados, así como as propostas de mellora.

9. Outros apartados